

A D.O. Ribeira Sacra celebra os días 26 e 27 de maio a XXVI Cata dos seus viños

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra celebra os días 26 e 27 de maio, a XXVI Cata dos Viños da Ribeira Sacra, que terá lugar no municipio de Pantón coa precata do día 26 e o 27 terá lugar a cata final. Establécense 3 categorías, sendo necesario, como mínimo, ter 6 mostras en cada categoría.

As categorías do certame son:

- **Viños Brancos:** viños Ribeira Sacra Súmmum Branco correspondentes á colleita 2021, podéndose presentar á cata, tantas marcas como a adega desexe. O volume mínimo da partida non deberá ser inferior a 1000 litros. As existencias mínimas no momento da recollida serán de 500 botellas.
- **Viños Tintos:** viños Ribeira Sacra Tinto correspondentes á colleita 2021, podéndose presentar á cata, tantas marcas como a adega desexe. O volume mínimo da partida non deberá ser inferior a 1000 litros. As existencias mínimas no momento da recollida serán de 500 botellas.
- **Viños doutras Anadas:** viños Ribeira Sacra de colleitas diferentes á colleita 2021 que non participasen en edicións anteriores e os viños con barrica da colleita 2021, podéndose presentar á cata, tantas marcas como a adega desexe. O volume mínimo da partida non deberá ser inferior a 500 litros. As existencias mínimas no momento da recollida serán de 300 botellas.

Poden participar na Cata os viños elaborados por adegas rexistradas nos rexistros da D.O. Ribeira Sacra que se atopen en fase de comercialización. Nas categorías de Brancos e Tintos establécense 3 premios: Medalla de Ouro, Medalla de Prata e Medalla de Bronce. En categoría doutras Anadas establécense: 1 Medalla de Ouro se o número de mostras participantes é inferior ou igual a 14, 2 Medallas de Ouro se o número de mostras participantes é igual ou inferior a 20 e 3 Medallas de Ouro no caso de que sexa superior desa cantidade.

A entrega de premios farase o día 27 de maio coincidindo co final da Cata e aproveitando a comida de confraternidade que organiza o Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra.



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 2 de maio 2022

Técnicos do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra recollerán as mostras durante os próximos días, elixindo 3 mostras ao azar de entre o stock da adega. O notario procederá ao embolsado, precintado e numerado das botellas, que permanecerán custodiadas ata a celebración da Cata. Os viños cataranse por series, comezando polos Viños Brancos e terminando cos viños doutras Anadas.

O número máximo de viños seleccionados que pasarán á Cata final será de 10 para a categoría de Viños Tintos e 6 para as categorías de Viños Brancos e Viños doutras Anadas.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirosacra.org